



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- E que aghora non acorda, que demais se estivera distraída.
- ... aquí dos vellos cando facíamos contos das tascas. Pona aí. Empezaba:

Escuchen señores, todo-los que aquí están que se van a leer las municiones de Juan y Froilán. De una parte María Ghai vota, falda de la Mota, moza soltera, ten unha cona coma unha carretera confina co Tambre. Pola outra parte don Joaquín Chorreosa, mozo soltero, apetinador de dinero, estomago profundo, ten a testa coma a dun faco e os collós como os dun burro.

Quedan obli ghados todos dos que aquí están, de dicir se hai algún impedimento sobre carrachas, piollas, pulghas e todas as pestes que poda haber sobre... do castigo. E da outra parte cando se iba casar, pa que se buscase novia, iba o cura... e botáballe para facer un cambio (esto eran as tascas). E dicíalle el (pa que cambiase):

- Dios la guarde a usted Señora, veño de fóra e móntoa agora, traio unha orden do Rey Papa, para usted merda e pa min, rata; outra do Padre Santo de Roma, o que non estea aghusto que se poña. Bota os teus ollións polo teu anexo e polo meu carallo e quen cho pida dallo e troca de maridallo. (Risas)

Anda, lévame que tamén heiche decir o Padre Nuestro vello e a mailas buenas-aventuradas. E dixémoslle nós, e nós para que ela nos contase o conto...

As vellas ao sombreiro logho tocan en Santiagh o repenican en Toledo apreta ramo de rulo que é tempo de medo. Daquela dixo ela:

- E aghora heivos de contar, decilas buenas-aventuradas. Las aventuras son ocho.

E dixenlle eu: E Señora Carmela e usted...?

- Xa o verás. -díxome ela -. Las buenas aventuras son ocho:

La primera rabo de cocho.

La seghunda rabo de rula.

La tercera lavalá matela.

La cuarta lavalá manta.

La quinta tracla limpa.

La sexta facela festa.

La séptima rompela testa.

La octava muxila cabra.

La novena terma, Carmela.



Ai, o Padre Nuestro vello.

Padre Nuestro vello vai por Reboredo, cunhas calzas vellas e un sombreiro negro tocan en Santiagho e repenican en Toledo aberta rabo de rulo que é tempo de medo.

Dicíalle (pa que o rapaz aprendese) A ver si sales coma min:

Pegha megha rebordegua ghorda e revirighorda cotobelada e xorda.

Eu cando era pegha megha rebordeghaghorda e revirighorda cotobelad´e xorda, criaba aos meus filliños peghos megchos rebordeghos ghordos e revirighordos cotobelados e xordos.

A ver quen vai a máis:

Pasei o río e pillei cordós

o río pasei, cordós pillei.

Pasei o río e pillei collós (despois xa decían collós)

o río pasei, collós pillei.

Era o trabico ese.